




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: San Xoán de Serres ao oeste, e San Estevo de Abelleira ao sudeste. Extensión: 0,56 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade encádrase sobre as moderadas pendentes meridionais do monte Cruz dos Pelos (264 m.), ao pé das cales, a pequena chaira costeira dá lugar a unha liña de costa disposta en forma de seo pouco pronunciado, entre a praia de Aniño e a Punta de Santo Antón.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade incluída completamente no Dominio herciniano, aparecendo en case toda a área un granito de dúas micas de gran fino a medio, Tipo Muros. No extremo oriental aparece un granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, Tipo Barbanza.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais por enriba de 15° C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200 mm e 1400 mm.

OS SOLOS

Cambisoles dístricos na parte baixa da vertente e nos sectores de pouco desnivel da fachada costeira, quedando as ladeiras e a cabeceira da unidade ocupadas na súa maior parte por solos pobres de escaso desenvolvemento do tipo regosol ou leptosol lítico.


AS AUGAS

Esta unidade correspóndese coa ladeira meridional da elevación montañosa da Cruz dos Pelos. A auga de escorrentía discorre de forma temporal formando pequenas valgadas, cara ás Augas Costeiras 20174 da Ría de Muros e Noia.

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte rochosa de costa baixa, aparecendo acantilados mariños atlánticos (1230) e vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados (1210), aproveitando as constantes acumulacións de bloques e materiais máis finos. Na chaira costeira só se poden destacar algunhas formacións de frondosas de recolonización, moi pouco extensas. Nas ladeiras, máis alá dos eucaliptais, nas parte máis altas, o ambiente rochoso incluíble no grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, comparte espazo coas matogueiras do hábitat 4030, Breixeiros secos europeos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A estrada AC-550 bordea o litoral e divide a paisaxe humana composta polo pequeno núcleo litoral de Boavista da paisaxe montañosa que ofrecen as ladeiras do Monte de Cruz dos Pelos, nas cotas máis altas predomina a matogueira nun solo con afloramentos rochosos e a medida que descendemos altitudinalmente o bosque arboreado ocupa a superficie das ladeiras. O sector primario concentrado nas actividades industriais ligadas á pesca perdeu o dominio detrás do aproveitamento turístico, debido á influencia da próxima poboación de Muros. Este feito queda demostrado coa presenza dunha antiga fábrica de salgadeira e unha fábrica conserveira en ruínas, aínda que o uso marisqueiro segue sendo predominante grazas aos abundantes bancos de moluscos bivalvos da zona.

MORFOLOXÍA

A morfotopoxía tradicional viuse mesturada cos asentamentos máis recentes conformando un núcleo de forma lineal que perdeu parte do seu carácter rural e a vinculación co uso agrícola debido ao abandono das explotacións e en beneficio do uso residencial. As vivendas de tipo tradicional persisten mesturadas con edificacións máis compactas e con elementos construtivos que non responden ao patrón tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 discorre bordeando a franxa litoral e exerce como vía de comunicación principal da comarca. Existen ademais outras vías rodadas que atravesan a ladeira montañosa e se dirixen cara ao norte.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A fábrica de conservas en Boavista e a de salgadeira do Casarío Laxeiras na Punta de Santo Antón son testemuñas da tradición marítimo pesqueira que dominaba na comarca e da arquitectura industrial que hoxe en día se mantén como patrimonio cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter desta paisaxe reside na pegada fisiográfica da montaña e o contraste que ofrece coa ocupación humana no litoral. Esta organización territorial e paisaxística repítese en toda a comarca, os núcleos desenvólveronse aproveitando o relevo máis suave e neste caso concreto a pendente máis moderada das ladeiras montañosas no seu encontro coa fachada costeira. A industria marítimo pesqueira deixou a súa pegada nas antigas fábricas de salgadeira e de conservas existentes na franxa costeira e mantense esta relación socioeconómica grazas á presenza de bancos marisqueiros.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe marcada polo contraste entre a montaña e o carácter rural da franxa costeira. Este sinal de identidade repítese ao longo da ría de Muros e Noia, os asentamentos mostran un espazo aberto entre a costa e o fondo escénico que conforman os montes de Cruz dos Pelos. A evolución dos usos e modelos de ocupación do territorio non borraron completamente as trazas dos modelos anteriores, existindo construcións que cumpren cos patróns tradicionais. Un exemplo constitúeno a fábrica de conservas en Boavista e a de salgadeira do Casarío Laxeiras na Punta de Santo Antón, actúan como testemuñas da tradición marítimo pesqueira que dominaba na comarca e da arquitectura industrial que hoxe en día se mantén como patrimonio cultural. Dende o interior rural as panorámicas da costa son amplas, o enclave que conforma a antiga fábrica de salgadeira na Punta de Santo Antón é un punto de observación excelente para obter visións lonxitudinais da unidade así como dende as ruínas da fábrica de conservas de Boavista. O alto de Cruz dos Pelos ofrece unha visión xeral da ría de Muros e Noia. Destaca tamén el punto de observación de A Curota en la península de O Barbanza, que ofrece una panorámica de esta ría



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



